



RESOLUCIÓN

ASUNTO: AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHE DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO E DE FINALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FESTA/VERBENA POPULAR *FESTA DE SAN CRISTÓBAL DE CODESOS* (APRAZADA DO DÍA 10 DE XULLO DE 2024)

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/001152

ANTECEDENTES:

EXPTE. Nº **2024/U029/000073**

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece no artigo 4.c) que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, dispón no artigo 5.f) que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da Lei.

A Orde da Vicepresidencia primeira Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, dispón no seu artigo 9.1 que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Por Resolución da alcaldía nº 1154/2023, de data 18/12/2023, fixouse o número máximo de días naturais durante o presente ano 2024 nos que poderán ampliarse os ditos horarios neste termo municipal, conforme co disposto no artigo 9.2 da devandita Orde. Na citada Resolución indícase que as datas concretas de ampliación dos horarios determinarase mediante resolución da alcaldía, de oficio ou a petición de parte interesada.

No artigo 9.4 da Orde do 23 de outubro de 2020 sinalase que as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Logo de ver o escrito presentado o día 29/11/2024 e nº 202400000002818 de rexistro de entrada por (...), organizador da festa/verbena popular denominada *Festa de San Cristóbal* (aprazada da do día 10 de xullo de 2024), que se vai celebrar no Lg. Codesos, da parroquia da Pereiriña, deste termo municipal, o venres, día 6 de decembro de 2024, e no que solicita a ampliación do horario de remate da verbena nocturna ata as 6:30 horas do sábado, 7 de decembro.

Considerando a vontade deste Concello en apoiar e favorecer a actividade das asociacións municipais, que fan posible a celebración destes eventos, así como o apoio ao sector hosteleiro municipal e a actividade das verbenas como celebracións festivas tradicionais de Galicia, todo o cal repercute positivamente en diferentes eidos municipais, sociais e económicos, o cal se debe compatibilizar coa aplicación das normas en materia de contaminación acústica ou outras disposicións legais e, así mesmo, cos dereitos de terceiras persoas e co óptimo funcionamento dos servizos públicos.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º. **Autorizar a ampliación en 2 horas** sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, da **finalización da festa/verbena popular denominada Festa de San Cristóbal (aprazada da do día 10 de xullo de 2024)**, que se vai celebrar no Lg. Codesos, da parroquia da Pereiriña, deste termo municipal, **na noite do venres, 6 de decembro, ao sábado, 7 de decembro de 2024**, co cal, o horario máximo de finalización da verbena o día 7 de decembro será ás **06.30 horas**.

2º. **Autorizar a ampliación en 2 horas** sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, do **peche dos establecementos de restauración (epígrafe III.2.5, Orde do 23 de outubro de 2020) da parroquia da Pereiriña na noite do venres, 6 de decembro ao sábado, 7 de decembro de 2024**.

3º. Os devanditos establecementos deberán contar co **título habilitante** correspondente (licenza ou comunicación previa) para o exercicio da actividade.

4º. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, 2 de decembro de 2024.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]